

No parágrafo primeiro do artigo 24º da dita orde establécese que unha vez realizados os investimentos previstos os interesados deberán comunicar a finalización da execución do investimento ata o 16 de novembro de 2009. Debido ao atraso da xestión destas axudas é imposible cumprir esta data, polo que cómpre ampliar o prazo.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-O prazo para a xustificación do investimento, que consta no parágrafo primeiro do artigo 24º da Orde do 4 de xuño de 2009, amplíase ata o 4 de decembro de 2009.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde de 4 de xuño de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 6 de agosto de 2009 pola que se regulan e se convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas.

Pola Orde do 6 de agosto de 2009 reguláronse e convocáronse subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas (*Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 11 de agosto).

Así mesmo, pola Orde do 14 de outubro de 2009 ampliouse a dotación orzamentaria da Orde do 6 de agosto de 2009, nunha cantidade de oitocentos trinta e un mil cento trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (831.134,54 euros).

No artigo 15 da orde, relativo ao financiamento destas axudas, detállase a aplicación orzamentaria o importe económico previsto para elas, e que a dita cantidade pode ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou outras administracións.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facen-

do uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se recolle na orde desta consellería do 6 de agosto de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 11 de agosto) pola que se regulan e convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas, nun total de dous millóns cento dezasete mil euros (2.117.000 €), na aplicación orzamentaria 49.02.712B.772.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional

Única.-A ampliación orzamentaria prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 6 de agosto de 2009.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Resolución do 12 de novembro de 2009 pola que se dá publicidade á parte substantiva da resolución pola que se inadmiten a trámite determinadas solicitudes e se declaran desistidos das súas solicitudes determinados peticionarios das axudas reguladas na Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan para o ano 2009.

Mediante a Orde do 27 de febreiro de 2009, da Consellería do Medio Rural, fíxose pública a convocatoria das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e convocáronse para o ano 2009.

O artigo 12.9º da orde reguladora dispón: «Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, «a notificación realizarase median-